

Estimadas/os nais e pais

A pesar dos esforzos realizados no eido da prevención, as condutas adictivas entre a mocidade seguen a ser un dos principais problemas sociosanitarios tanto en Galicia como en España, unha preocupación de primeiro orde tamén entre a comunidade educativa e as familias da comarca de Carballiño.


A *Estrategia Nacional sobre Adicciones 2017-2024* advirte de problemas concretos que precisan unha rápida resposta institucional: (1) a precocidade no inicio de consumo das drogas; (2) o incremento dos niveis de consumo, especialmente no caso do cannabis; (3) o patrón de consumo de alcohol, cada vez mais intensivo ou en forma de atracón; (4) a preocupante incorporación da muller ao consumo das diferentes sustancias; (5) a aparición de novas sustancias psicoativas e novas modalidades de consumo, cuos efectos son as veces descoñecidos; (6) ou mesmo toda a problemática relacionada co uso masivo de Internet, as redes sociais e as tecnoloxías, nomeadamente a adicción aos videoxogos e ás apostas en liña, que “enganchan” literalmente cada vez a un maior número de menores e que están a xerar non poucos problemas de convivencia, tanto para as familias, como para os centros educativos.

A mancomunidade de Carballiño e o concello do Carballiño veñen desenvolvendo dende hai anos unha aposta decidida pola prevención, con diferentes tipos de actividades. Dada a rápida evolución da sociedade e, en particular, de todo o que ten que ver co eido das adiccións, consideramos fundamental dispor de datos actualizados e referidos aos nosos propios adolescentes, que nos proporcionen unha “radiografía” obxectiva da situación actual e que nos axuden a desenvolver medidas verdadeiramente eficaces.

Para facelo posible necesitamos a colaboración de toda a comunidade educativa, polo que vos convido a participar activamente no desenvolvemento dun estudo científico coordinado por expertos da Universidade de Santiago de Compostela. O procedemento para a recollida da información consistirá na cumplimentación de maneira voluntaria dun breve cuestionario, por parte do alumnado de Ensino Secundario Obrigatorio, Bacharelato, Ciclos de Formación Profesional e 5º e 6º curso de Primaria. Os datos serán recollidos polos nosos técnicos de prevención nos propios centros educativos, durante a primeira quincena de decembro, sempre de xeito coordinado coa dirección e o profesorado e tentando interferir o menos posible na actividade docente. O cuestionario cubrirase de maneira individual e garantindo o anonimato e a confidencialidade das respostas, xa que en ningún momento se lles pedirá ao alumnado ningún tipo de dato persoal ou identificativo. Aquelas familias que desexen expresamente non participar no estudo poderán non facelo.

Estamos convencidos de que a realización de traballos coma este son fundamentais para desenvolver políticas educativas e de prevención realmente eficaces e á altura dos novos tempos. Agardo poder contar coa vosa colaboración para así, entre todas e todos, seguir avanzando na procura dun futuro mellor para a nosa mocidade.

O Carballiño, 11 de novembro de 2020



Francisco José Fumega Piñeiro  
Alcalde de O Carballiño



Manuel Cerdeira  
Presidente da Mancomunidade